

Informe 4/2008 de 27 de maio de 2008: CONTRATOS QUE TEÑEN POR OBXECTO A SUBSCRICIÓN A REVISTAS, PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E BASES DE DATOS. RÉXIME XURÍDICO. TRAMITACIÓN.

ANTECEDENTES

Pola Directora Técnica do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (en adiante BUGalicua), remítese escrito no que literalmente dí:

“... ”

Por mor da entrada en vigor o 1 de maio de 2008 da Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público solicítase:

- *A determinación do carácter administrativo ou privado deste tipo de contratos de subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos segundo o establecido no artigo 20 da antedita Lei.*
- *A confirmación da súa tramitación como contratos menores independentemente da súa contía segundo o establecido na Disposición adicional Duodécima da mesma Lei de Contratos do Sector Público:*

“Disposición adicional duodécima. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago”.

O referido escrito adxúntase a seguinte documentación:

- a) Diario Oficial de Galicia nº 179 de 12 de setembro de 2006, data de publicación do Convenio de Renovación do Convenio de creación e os Estatutos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
- b) Listado da contratación de recursos de información correspondentes o ano 2007

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

1.- Segundo o disposto no artigo 2.1 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa correspóndelle á este órgano consultivo emitir informe con carácter facultativo sobre aquelas cuestións que, en materia de contratación administrativa, sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 1 entre as que figuran as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia como é o caso do Consorcio petionario.

2.- Requírese desta Xunta Consultiva, respecto dos contratos de subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos, pronunciamento sobre o seu carácter administrativo ou privado e confirmación da súa tramitación como contratos menores.

3.- Ó respecto, a Lei de Contratos do Sector Público non ofrece dúbida algunha nin da pé a especulacións interpretativas. Os contratos de dereito privado identifícanse, na norma legal, ben por razón do suxeito do sector público que os celebra (artigo 20.1 parágrafo primeiro), ben por razón do obxecto do contrato (artigo 20.1 parágrafo segundo), onde expresamente faise referencia á cualidade de contratos privados -aínda que sexan celebrados por unha Administración Pública- dos contratos de subscrición obxecto da consulta.

4.- Sobre o procedemento a seguir para a súa tramitación, tal e como expón a consulta, a lei, na súa Disposición Adicional duodécima titulada "Normas especiais para a contratación do acceso a bases de datos e a subscrición a publicacións", remite expresamente ás normas establecidas para os contratos menores calquera que sexa a súa contía agás que teñan o carácter de contratos suxeitos a regulación harmonizada, isto é, con valor estimado igual ou superior a 206.000 euros, cantidade correspondente, segundo as contías determinadas no artigo 16 da Lei de Contratos de Sector Público, por ser adxudicados por unha entidade de dereito público autonómica.

Altera neste punto o réxime dos contratos menores que na normativa anterior definíanse exclusivamente pola súa contía (art. 56 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas), introducindo unha nova modalidade de contrato menor por razón do obxecto.

Temos por tanto que, no suposto que nos ocupa, os contratos de acceso a bases de datos e subscricións a publicacións con valor estimado inferior a 206.000 euros a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación o mesmo da factura correspondente (artigo 95) coa peculiaridade, para os contratos con este obxecto, de que o abono do prezo poderase facer na forma prevista nas condicións que rixen habitualmente eses

contratos o que inclúe admitir o pagamento con anterioridade á entrega ou realización da prestación.

A senso contrario, se o contrato ten un valor estimado igual ou superior a 206.000 euros, e independentemente da súa natureza privada, deberá someterse ás normas previstas na Lei de Contratos do sector público respecto o procedemento de contratación e o réxime de selección e adxudicación do contrato, reservándose o ámbito do dereito privado os seus efectos, cumprimento e extinción.

CONCLUSION

Polo exposto, a Xunta Consultiva de contratación entende que o contrato de acceso a bases de datos e a subscricións de revistas ha de ser cualificado, por razón do seu obxecto, como un contrato privado e que na súa tramitación atenderase a regulación que para os contratos menores fai a Lei de Contratos do Sector Público, agás que polo seu importe teñan o carácter de contratos harmonizados.